

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 27 DE OUTUBRO DE 2020.

PRESIDENTE:

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

ASISTENTES:

D.ª María Guadalupe Pombo Carril
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D. Carlos Liñares Gestal
D.ª Marta María Iglesias Becerra
D. Abraham Seijas González
D.ª Yessica Méndez Sánchez

NON ASISTE:

D.ª Marta María Figueroa Fuentes

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.ª Vanesa García Barreiro

SECRETARIA XERAL:

D.ª Pilar María Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e trinta e cinco minutos do día vinte e sete de outubro do ano dous mil vinte, réunese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D.ª María Guadalupe Pombo Carril, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D. Carlos Liñares Gestal, D.ª Marta María Iglesias Becerra, D. Abraham Seijas González e D.ª Yessica Méndez Sánchez.

Non asiste á sesión a Sra. concelleira D.ª Marta María Figueroa Fuentes.

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal, D.ª Vanesa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.ª Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA O DÍA 19 DE OUTUBRO DE 2020.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004), a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día 19 de outubro de 2020, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada o día 19 de outubro de 2020.

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Anuncio do 8 de outubro de 2020, do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana -Dirección Xeral de Aviación Civil-, polo que se somete a información pública a delimitación das servidumes aeronáuticas acústicas do Aeroporto da Coruña. BOE núm. 278 do 21-10-2020.
- Orde do 9 de outubro de 2020, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, pola que se modifica a Orde do 31 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para concesión, en

Código do documento	Código do expediente
USG14I027A	USG/2020/153
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
6V36 0A5J 722V 3T18 1D08	

régime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades locais de Galicia, para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento CT211B). DOG núm. 211 do 20-10-2020.

- Orde do 16 de outubro de 2020, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, pola que se modifica a Orde do 26 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria para os anos 2020 e 2021 das axudas a investimentos non produtivos vinculados á realización de obxectivos agroambientais e climáticos en concellos incluídos na Rede Natura 2000, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020 (código de procedemento MT814A), modificada pola Orde do 17 de agosto de 2020 (Diario Oficial de Galicia número 169, do 21 de agosto). DOG núm. 212 do 21-10-2020.
- Resolución do 15 de outubro de 2020, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 21 de xullo de 2020 (Diario Oficial de Galicia número 153, do 31 de xullo) pola que se establecen as bases reguladoras da subvención a entidades locais de Galicia para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico e para a mellora das coleccións bibliográficas, con destino ás bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, e se procede á súa convocatoria de carácter extraordinaria para o ano 2020 (código de procedemento CT235A). DOG núm. 214 do 23-10-2020.
- Decreto 175/2020, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, polo que se regula o Censo de Solo Empresarial de Galicia e o seu réxime sancionador (código de procedemento VI500A). DOG núm. 216 do 27-10-2020.
- Anuncio do 23 de outubro de 2020, do Consorcio As Mariñas, de aprobación provisional dos estatutos da Mancomunidade As Mariñas. BOP núm. 180 do 27-10-2020.

C.I.F. P-1503100-H

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- A Sra. secretaria dá lectura ao escrito do Sr. concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Local, Cultura, Festas e Turismo, de data 23 de outubro de 2020, que transcrito literalmente di:

“DACIÓN DE CONTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL DA CONCELLERÍA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL, CULTURA, FESTAS E TURISMO.

O concelleiro de Desenvolvemento local, Cultura, Festas e Turismo dá conta á Xunta de Goberno local extraordinaria do día 27 de outubro de 2020 da realización das seguintes actividades:

ACTIVIDADES CULTURAIAS

VENRES 30 DE OUTUBRO

Salón de actos do Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 20.30 h:

Culturactiva: *Papar sen cancelas.*

Aforo limitado polo COVID. Uso obrigatorio de mascariña.

Reserva de asentos na mesma semana no teléfono 981665597.”

2.2.2.- A Sra. secretaria dá lectura ao escrito da Sra. concelleira delegada da Área de Política Social e Promoción do Deporte, de data 27 de outubro de 2020, que transcrito literalmente di:

"DACIÓN DE CONTA DA CONCELLERÍA DE ÁREA DE POLÍTICA SOCIAL E PROMOCIÓN DO DEPORTE.

Dase conta á **XUNTA DE GOBERNO LOCAL** do día **27/10/2020** das seguintes resolucións emitidas dende esta concellaría :

****PRESTACIÓNS ECONÓMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Obxecto da axuda	Importe
5/10/20	1291	Denegar axuda económica. para bono de aluguer, suministros e bono de alimentos por exceder el límite de ingresos marcado en ordenanza (Art. 5.2).	****8233*		
5/10/20	1292	Conceder unha axuda económica	***6424**	Pago de hipoteca, correspondente aos meses de xuño, xullo, agosto e setembro de 2014. Pago de recibo de auga, correspondente ao 4º trimestre de 2019 e 1º trimestre de 2020.	920,72 140,23€
7/10/20	1300	Conceder unha axuda económica	***5863**	Pago de fianza (400€) e o primeiro mes de aluguer (396,70€)	
9/10/20	1332	DENEGAR unha axuda para gastos derivados das necesidades básicas da vivenda (aluguer).	*9**4517**		
9/10/20	1333	Conceder unha axuda económica	***8683**	Pago de fianza e aluguer, correspondente 400€ de fianza outubro 2020, 400€ correspondente ao primeiro mes de aluguer, e 275€ correspondente ao segundo mes de aluguer.	1075€

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG14I027A	USG/2020/153
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 6V36 0A5J 722V 3T18 1D08	

9/10/2020	1334	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago	***9397**	Pago do recibo de auga correspondente ao 4º trimestre 2019.	60,22€
9/10/2020	1335	Concesión axuda económica.	***0126**	Pago de aluguer por importe de 400€, correspondente aos meses de xullo e agosto de 2020 (400€/mes) e parte do mes de setembro (275€).	1075€
9/10/2020	1336	Concesión axuda económica.	***0126**	Pago de aluguer por importe de 400€, correspondente aos meses de xullo e agosto de 2020 (400€/mes) e parte do mes de setembro (275€).	1075€

C.I.F. P-1503100-H

***TARXETA ESTACIONAMENTO conforme ao Real Decreto de 12 de decembro de 2014 polo que se regulan as condicións básicas de emisión y uso de de la tarjeta de estacionamiento para personas con discapacidad (BOE nº 309 de 23 de decembre de 2014)**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Vixencia
9/10/20	1331	Conceder a tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade	***8568**	10 anos

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e trinta e oito minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace
O alcalde-presidente
(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)